

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Luis García López.

Concelleiros:

D^a. M^a del Carmen Torreiro González

D. Leonardo Bermúdez Taboada

D^a. Natalia Pereira Rey

D^a. Aurora Varela Duro

D. Antonio Orois Valiño

D.^a M^a Rosario Vázquez Orois

D. Alfonso Orois Conde

D^a Cristina Castro Pampin

D. Alfonso Lodeiro Regueiro

D. Javier Rodríguez Vázquez

D. Francisco Xabier Pintor Vázquez

Secretario:

D. Juan Colmenares López-Soldado

ACTA

En Arzúa, a 27 de abril de 2012.

Sendo as 20:10 horas reúnense no Salón de Sesións da Casa do Concello os concelleiros que se relacionan á marxe, integrantes do Pleno deste Concello, co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a sesión ordinaria convocada para este día. Non asistindo o Concelleiro D. Inacio García Couso, por canto que, segundo manifesta o Sr. Bermúdez Taboada, tiña unha ocupación que atender.

Deseguido, pasouse a tratar sobre os seguintes asuntos que integran a orde do día desta sesión:

A) PARTE RESOLUTORIA

Punto 1º) LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2011

Polo presidente preguntouse se algún membro da Corporación tiña que formular algunha observación, con respecto á acta desa sesión.

E non formulándose observacións á mesma, considerouse aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes que asistiron a dita sesión.

Punto 2º) RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE SOBRE CAMBIO DE NIVEL DE PROTECCIÓN DO PAZO DE BRANDESO, PREVIO EXAME DAS ALEGACIONES PRESENTADAS.

Por indicación do alcalde, o secretario procedeu a dar lectura dos pronunciamentos que, en relación con este asunto, foron realizados polos membros da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada no día de onte; canto se tratou sobre o punto 1º da súa orde do día, nomeado “Resolución do expediente tramitado sobre cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, á vista das alegacións presentadas”; cuxa sesión desenvolveuse -en canto a este punto- da seguinte maneira:

“Intervén o Sr. García Couso para indicar que, unha vez lida a alegación, explicará un pouco os motivos que o levaron a presentar esta alegación, en base a

solicitud de cambio do nivel de protección que fai o interesado, como da documentación que se presentou e os tramites que se seguiron para esa tramitación.

Deseguido o Sr. García Couso pasa a ler dita alegación.

Unha vez lida a alegación, o Sr. García Couso expón os motivos que o levaron a presentala:

Con respecto á solicitud do interesado, indica:

1.- Que a súa solicitud ocupa sete páxinas con unha literatura barroca, da cal subraia esta frase “se erige una de esas estampas que acuña, representa y ensalza la naturaleza intrínseca de la verdadera exquisitez de una de las fases más significativas del sentir y vivir del rural Gallego”, e el quere dicir que non representa iso, porque os veciños das parroquias tiñan que manter os seus fillos con medios moi limitados.

- Que fai tamén referencia a unha serie de bens catalogados no PXOM co grado de protección ambiental Nivel I, como son hórreos e pombais, e quere indicar, que os hórreos cunha determinada antigüidade a Dirección Xeral de Patrimonio obriga a catalogalos e establecer ese nivel de protección, pero o solicitante curiosamente non fala do seu hórreo, porque xa non existe.

- Que -no punto sexto da súa solicitud- o interesado menciona a palabra agravio, e o verdadeiro agravio e que se aprobe o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, con respecto a un número bastante importante de pazos que existen no Concello de Arzúa e que todos teñen a mesma protección, como Pazo e con nivel de Protección III no Catálogo de bens do PXOM; facendo referencia ao Pazo de Santa María, o Pazo de Outeiro (en Boente), o Pazo de Brandeso, o Pazo de San Estevo, o Pazo de Figueroa, O Pazo de Orxal, o Pazo de Pumar e Sedor (en Castañeda), o Pazo de Magolán (na parroquia de Lema), o Pazo de Bascuas (na parroquia de Rendal), o Pazo de Deans (na parroquia de Pantiñobre), que pagan o correspondente Imposto de Bens Inmóbles, os cales o interesado non menciona na súa solicitud.

- Que se vai a diante a exención do IBI, o agravio que supón cos que teñen que pagar a partir destes anos, (os labregos, os propietarios de inmóbles de todo o concello) como consecuencia da nova actualización que fixo a Deputación da Coruña; polo tanto o agravio sería que se aprobara o cambio de nivel de protección, e agravio non para un, senón para moitos propietarios de pazos e para moitos propietarios de instalacións agrarias.

Seguidamente o Sr. García Couso preguntalle o Sr. secretario se, de aprobarse ese cambio de protección, iso suporía unha modificación do PXOM.

Respondendolle o secretario:

-Que el poderíalle informar da tramitación, que xa ven indicada no decreto do alcalde de data 21 de decembro de 2011.

- Que se ese cambio de protección supusera unha modificación do PXOM, tería que seguir o trámite que se segue para as modificacións do plan, pero esto non esta conceptualizado como unha modificación.

Indicando o Sr. García Couso que baixo o seu criterio, el entende que suporía unha modificación do Plan, e a decisión última corresponderíalle a Xunta e non ao Concello.

Manifesta o secretario:

- Que houbo outras modificacións de cambio de nivel de protección e a tramitación que se seguiu foi a que se indica no decreto de data 21 de decembro de 2011 e a modificación do plan comulga tamén con algúns destes tramites.

-Que, o tratarse dun tema puntual, está perfectamente concretado no decreto indicado os pasos que habería que dar; logo mandarase a Consellería e alí diran se é adecuado ou non.

Pregunta tamén o Sr. García Couso, porque non hai un informe xurídico que estableza a concreción deste procedemento.

Contesta o secretario que non fai falta informe xurídico, porque non se trata dun asunto que requira maioría absoluta, nin se trata dun asunto en que lle pedira informe o alcalde, nin un tercio dos concelleiros.

Indica o Sr. García Couso que entende que as resolucións as alegacións poderían acompañarse dun informe xurídico que se basara nunhas normativas.

Manifesta o secretario que, aínda que non ten obriga de informar as súas alegacións, se quere informallas verbalmente neste mesmo acto. Non dicindo nada ao respecto o Sr. García Couso.

Deseguido continúa coa súa exposición o Sr. García Couso, respecto as dúbidas na tramitación do expediente:

-Que no expediente faise referencia a un informe de Patrimonio de data 7/04/2011, que non está, nin cre que se deba de citar, porque e un informe anterior ao inicio de todo o procedemento.

- Que ao expediente incorporanse dous informes: un ao que fixo referencia antes da Dirección Xeral de Patrimonio, e que non consta neste expediente, outro do arquitecto do Concello de Arzúa; ambos emítense sen que previamente se fixera unha visita ao lugar, e ademais na foto que se achega co informe non aparece o arquitecto nela.

- Que o arquitecto afirma -no seu informe de data 17 de abril de 2012- que o edificio de referencia foi obxecto dunha visita, dun informe e dunha proposta de ficha, así que tanto na providencia do alcalde como no informe manifestase que si se fixo a visita, pero no informe do arquitecto de data 15 de novembro de 2011, a que fai referencia este escrito, di “sen terse personado no lugar onde se atopan enclavadas as edificacións e construcións obxecto do presente expediente”. Polo que aclara que existe unha contradición nos informes do técnico municipal, xa que no informe inicial dise claramente que non se personou no lugar.

- Que tamén debería achegar ao expediente: a solicitude do interesado a Deputación, para a exención do imposto de bens inmobles, o informe de Patrimonio e un informe do técnico de que estivo alí presente e comprobou o estado desas obras.

Rematou esta exposición pedindo que se proceda a aceptación da alegación, e polo tanto o rexeitamento da petición de cambio de nivel de protección.

Polo Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) expone:

-Que tiña moitas dúbidas con respecto a este tema, e o que expuxo o Sr. García Couso foi unha exposición moi completa e que lle aclarou bastantes cousas.

-Que ao saír desta comisión vai fotocopiar o expediente completo e estudialo con detenimento, e vai a poñelo en mans dos servizos xurídicos do Partido, porque encontra moitas contradicións e enganos.

-Que felicita a Sr. García Couso porque estudiou con detenimento o asunto, e aclaroulle algunhas cuestións que son de moita transcendencia.

- Que pide que conste en acta a seguinte pregunta: ¿Por que o interesado que pide o cambio de nivel non o pediu cando houbo a exposición do Plan Xeral? El mesmo responde. Porque non lle interesaba, porque estaba facendo unhas obras de ampliación; polo tanto hai unha razón de interés particular por encima dos intereses públicos.

- Que esta situación hai que estudala con detenimento, as alegacións presentadas teñen moita coherencia, en cambio non ten coherencia a petición formulada de cambio de nivel de protección.

- Que non pode o peticionario facer unha comparativa cos hórreos que teñen o nivel integral de protección, cos pombais, porque un hórreo non pode ter un nivel de protección ambiental porque non se lle pode dar altura, nin ampliación nin tampouco a un pombal.

- Que este tema ten unha transcendencia importante, porque hai outros pazos e deberíase facer un estudio integral da situación e replantéalo conxuntamente, e non agora por un interés persoal dunha persoa, que incluso pensa que actúa de mala fe, porque espera a rematar as súas obras para facer a súa solicitude; cuxas obras supuxeron unha ampliación do volumen do Pazo.

- Que é unha cuestión que o sensibiliza, porque ese Pazo representa para Arzúa, ademais do interese arquitectónico, a memoria histórica, a linaxe dos seus fundadores e unha situación que se dou polas “sonatas de otoño” de Valle Inclán, que ten unha repercusión importantísima; e non se debería atender agora o interese particular dunha persoa, que polo que se vé pretende unicamente conseguir a exención do IBI

- Que hai que aclarar ben se este cambio vai supoñer unha reforma do PXOM, e non ve a premura desta cuestión, el pediría non aceptar as alegacións e deixar este asunto sobre a mesa; e que cando se faga un cambio de nivel se faga dunha forma integral.

- Que hai edificios que teñen o nivel de protección mais alto que o Pazo de Brandeso, polo tanto o que interesaría sería rexeitar a petición deste señor e integrala nun estudio de todos aqueles niveis arquitectónicos que haxa.

- Que se ao final o Pleno chega a aprobar este cambio de nivel, plantexarase unha cuestión de tipo xurídico, incluso poñería o tema en mans da Fiscalía.

-Que debería deixarse pendiente e estudalo con detenimento, non só esta cuestión senon o tema doutras edificacións parecidas que estean nunha situación semellante.

Intervén o Sr. Orois Valiño (do PP) para indicar:

-Que o grupo político do P.P. rexeita as alegacións.

-Que dise que este home fai as cousas a mala fe, pero iso hai que demostralo, en dereito a boa fe presúmese, e a mala fe hai que demostrala.

O Sr. Pintor Vázquez intervén para dicir que el basease para dicir iso, porque no momento que estaba en período de alegacións o PXOM podía cambiarse o nivel, e este señor non o pediu.

Continúa a súa exposición do Sr. Orois Valiño, indicando:

- Que grupo político do P.P. o que quere é que se cumpra a lexislación en sentido estricto, se o solicitante ten razón que lla dean, e se non, non.

- Que o 14/12/2011 hai unha resolución D.X de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, da Xunta de Galicia, sobre a solicitude de cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, no que di literalmente "vista a información do catálogo do PXOM aprobado definitivamente o 6 de outubro de 2008 e o informe técnico do arquitecto do concello, que dadas as características do edificio resulta adecuada a ampliación de protección ambiental III ao nivel I solicitado"; tamén hai outros informes neste sentido.

- Que se se pide a protección dun elemento individual dentro dunha parcela, o PXOM no seu artigo 4.1.3.a) parágrafo primeiro, di textualmente "Cando o obxecto protexido sexa un edificio, e no Catálogo figure exclusivamente como tal, entenderase que a protección estendese a totalidade da parcela na que se sitúe", isto significa que se a Capela goza de protección integral, segundo o PXOM de Arzúa poderíase estender a protección integral a toda a parcela na que se encontra.

-Que non discuten o momento en que o pide, nin porque o pide, nin cando fixo obras no Pazo, pero se a lei o contempla nos votaremos a favor do cambio de nivel de protección. Queremos simplemente que se cumpra a lexislación, e basaremonos en informes de Patrimonio cultural, do técnico do concello e informes da lexislación propia do concello. O que diga a lexislación será o correcto.

** Manifesta o Sr. García Couso:*

-Que, con respecto a visita do arquitecto, no informe de 15 de novembro de 2011, di que non se presentou no lugar onde se atopan enclavadas as edificacións.

- Pregunta ¿por que se pide un cambio de protección?, para sabelo non hai mais que traer aquí a solicitude de exención do IBI a Deputación; iso é o motivo principal.

- Que o feito de que a Capela teña protección Integral I significa tamén que un chalet e unha piscina que hai na parcela tamén o teñan.

Indica o Sr. Orois Valiño:

- *Que dixemos que podíamos facer un Pleno totalmente gratuito por razón dunha urxencia, polo tema da Capela, porque pensamos que ía perder axudas ou subvencións.*

- *Que se cumpla a legalidade e que os informes técnicos do concello digan se e de aplicación neste caso o artigo 4.1.3 a) parágrafo primeiro do PXOM.*

- *Que non ve que haxa ningún informe no expediente dicindo que o que pide o solicitante é unha ilegalidade, se se dixera iso nós votaríamos en contra.*

Manifesta a Sra. Varela Duro (do BNG) que este tema haberá que falalo, se a lei ampara esta legalización estará de acordo con iso.

Indica o Sr. Pintor Vázquez:

- *Que o informe de Patrimonio tiña que solicitalo o concello e non petionario, porque iso non é procedemento administrativo.*

- *Que o que di Sr. Orois Valiño do PXOM é certo, por ese argumento a protección tiña que ser integral xa no momento da aprobación de dito plan, porque xa a capela ten o nivel de protección integral.*

- *Que hai que pensar que tamén existen pazos que están na mesma situación e iso sería un agravio, non podemos aisladamente conceder iso.*

- *Que a fotografía que presenta o arquitecto co informe xa e de hai tempo, non é actual, e polo que pon nos informes contradícese, entón terá que aclaralo.*

Indica a Sra. Varela Duro que se poñen en dúbida os informes dos técnicos, pero non hai ningún problema en que veñan os técnicos aquí ou a Pleno, e ela a priori non pon en dúbida que o arquitecto foi a mirar esa edificación.

Tras o exposto, chegouse ás seguintes conclusións:

- *A Sra. Varela Duro e A Sra. Pereira Rei (do BNG).- Que este asunto se concrete mais, para poder pronunciarse no Pleno.*

- *O Sr. García Couso (do BNG).- Que el está a favor da alegación presentada e de que sexa debatida.*

- *O Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE).- Que se pronuncia en contra do cambio do nivel de protección do Pazo de Brandeso, polos argumentos que xa espuxo.*

- *O Sr. Orois Valiño, Sr. Orois Conde e o Sr. Lodeiro Regueiro.- Que eles proponan ao Pleno que se adopte o acordo de cambio de protección, pero primeiro teñen que escoitar aos técnicos e o que diga o informe xurídico sobre o punto mencionado do PXOM.”*

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Polo Sr. Pintor Vázquez (do PS de G-PSOE) para expresar:*

- *Que presentase un expediente, que se tramita a petición do propietario do Pazo de Brandeso, como consecuencia da súa petición para que se cambie o nivel de protección de dito Pazo de Nivel III ao Nivel I.*

- Que polo voceiro do BNG presentáronse unhas alegacións e, cando se tratou este asunto na sesión da Comisión informativa, o voceiro do BNG dicía que a solicitude do propietario do Pazo de Brandeso era un escrito barroco e cheo de incongruencias, e el quere engadir que tamén está cheo de florituras baratas, pedanterías e de hipocresía.

- Que o propietario do Pazo de Brandeso motiva o cambio de nivel en base a hórreos e pombais, que pola lei xa teñen ese nivel integral; pero un hórreo non pode ter ningunha posibilidade de ampliación de nivel nin de volumen, e os pombais tampouco.

- Que o propietario do Pazo di, no seu escrito, que o Pazo é unha fabrica de cachotería impecable; eso era antes, agora ten forma de U, porque antes tiña forma de L. Eso decíao antes o Colexio de Arquitectos de Galicia que era unha fabrica de cachotería impecable, e non sabe se agora diría o mesmo.

- Que o Plan Xeral de Ordenación Municipal no seu artigo 4 nº 1 punto 3 apartado a) di que o máximo nivel dun inmovible esténdese a toda a parcela. Se adoptamos ese criterio non se pode fixar única e exclusivamente en canto ao Pazo de Brandeso, hai que estendelo a todos; é máis xa o tiña que fixar o Plan Xeral.

- Que o agravio existiría se cambiamos de nivel o Pazo de Brandeso e deixamos os demais Pazos; de maneira que este Pazo quedase eximido de pagar o imposto sobre bens inmoables e os outros tiveran que pagalo.

- Pregunta ¿Por que o interesado non pediu o cambio de nivel de protección cando foi exposto ao público o Plan Xeral?, responde o Sr. Pintor: porque non lle interesaba, porque pretendía facer unhas obras que despois foron legalizadas polo concello, cando estaba no goberno municipal o BNG.

- Que ten algunha fotografía do Pazo de Brandeso, onde se ve perfectamente o ladrillo e tamén o formigón.

- Que dentro da zona de protección do Pazo de Brandeso, que esta marcada no Plan Xeral, inclúese tamén unha edificación nova que hai alí, así como unha piscina. Pregunta ¿Hai que darlles tamén protección Integral I?

- Que isto é mala fe, pero tamén engade que é picaresca para aproveitarse do Nivel III Protección Ambiental, co fin de aproveitar as máximas posibilidades de edificación; e agora o que pretende o propietario do Pazo de Brandeso, coa súa petición, e excluirse do imposto sobre bens inmoables, co Nivel I. Protección Integral.

-Pregunta ¿Trámitase como unha modificación do Plan Xeral?, porque o alcalde -no edito que se pública no BOP e no DOGA- di que suspende as licenzas no ámbito afectado polo cambio de nivel de protección pretendido; polo tanto entende que é unha modificación do Plan Xeral; e pregunta ¿Cantas modificacións hai que facer máis do Plan Xeral?

Engade o Sr. Pintor Vázquez que el non se opón a que este pazo teña o Nivel I, pero tamén para outros que teñan situacións semellantes, incluso algúns pazos teñen tamén Capela como no caso do Pazo de Brandeso.

-Que este concelleiro puxo un recurso contra a legalización das obras que se realizaran no Pazo de Brandeso, porque esas obras estaban sen legalizar, e foi denunciado por sacar unhas fotos do Pazo; e o denunciante perdeu o xuízo.

-Que pretendía que se repuxera a legalidade urbanística e se abrise un expediente por infracción urbanística; e sen embargo a Xunta de Goberno Local do Concello contestoulle en base a un escrito que presentara o propietario do Pazo, polo

que se sentiu decepcionado; porque simplemente estaba defendendo o interese histórico-artístico.

- Que é moi difícil borrar as huellas da historia; no Arquivo Histórico de Galicia conseguíu uns planos históricos do Pazo de Brandeso, onde se pode ver como era, e como está agora.

-Que as Normas Subsidiarias do Planeamento xa tiñan unha protección do Pazo de Brandeso, e a pesar diso seguiuse edificando.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que cria que viña a falar con concellerios e non con críticos literarios.

- Que lle parece unha ofensa que se cualifique un escrito de barroco, pedante e outras cualificacións, pois cada un escribe como quere e como sabe, polo que considera que se debe pedir perdón publicamente á persoa que fixo ese escrito.

-Que cando alguén fai unha solicitude para pedir un cambio de protección, faino cando quere porque así o permite a lei.

- Que eses comentarios do Sr. Pintor cara ao propietario do Pazo de Brandeso están fóra de lugar, son inadecuados e mostran un ánimo contrario ao petionario, unha inamadversión que non se pode tolerar; polo que espera que o Sr. Pintor retire esas descalificacións, que acaba de facer, sobre a persoa autora do escrito.

- Que o que interesa é o que se pida no escrito, non a forma en que se pide, sempre que haxa corrección; polo que considera que foi moi desafortunada a intervención do Sr. Pintor.

- Que o grupo político do PP defende a legalidade, e onte -na sesión da Comisión informativa- dixemos que o informe de Patrimonio constanos que non é contrario a petición de cambio de protección do Pazo de Brandeso; e en dita sesión pedimos que polo secretario emítese un informe xurídico, sobre se é de aplicación a este asunto o disposto no artigo 4 nº 1 punto 3 apartado a) do Plan Xeral, que di "*cando o obxecto protexido sexa un edificio e no Catálogo figure exclusivamente como tal, entenderase que a protección esténdese á totalidade da parcela onde se sitúe*"; e esa previsión como é lóxico non se refire ao chalet nin á piscina, senón aos elementos singulares que haxa nesa parcela; ese é o espírito da norma. O sentido deste artigo é claro.

- Que hai un informe do arquitecto, que tamén se expresa no mesmo sentido; e nós sentímonos obrigados e vinculados polos informes emitidos sobre a legalidade do cambio de protección.

- Que se di que hai un agravio comparativo; e ese agravio haberíao se houbera persoas (propietarios doutros pazos) que pediran o mesmo cambio de protección como o que agora se solicitou, e se lles denegase.

O que solicitou o propietario do Pazo de Brandeso podeo facer calquera propietario doutros pazos en Arzúa.

- Pregunta ¿En que sentido está o informe do arquitecto municipal e o informe do secretario do Concello con respecto á interpretación do artigo 4 nº 1 punto 3 apartado a) do Plan Xeral?, porque está clarísimo que a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, non se opón nin tiña nada que obxectar ao cambio de protección do Pazo de Brandeso.

O demais é política barata e demagoxía, e non vai permitir que se lle falte ao respecto aquí a ningún veciño, como neste caso.

Considera que o Sr. Pintor estivo moi desafortunado, nas súas manifestacións en contra do propietario do Pazo de Brandeso, e debe pedir perdón agora a esta persoa.

*Do Sr. Bermúdez Taboada (do BNG) para preguntar se hai un informe sobre o procedemento.

Manifesta o secretario que a tramitación do procedemento ven recollida no decreto do alcalde de 21 de decembro de 2011, que consta no expediente.

Acto seguido o Sr. Bermúdez Taboada manifestou que lle gustaría ler as alegacións que presentou o voceiro do BNG neste expediente; polo que pasou a delas sendo o seu contido o seguinte:

“Publicado o anuncio de información pública do cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso o 8 de febreiro de 2012, unha vez examinado o expediente, preséntase este escrito de alegacións en base as consideracións seguintes:

PRIMEIRA: O propietario do Pazo de Brandeso presenta unha solicitude de cambio de grao de protección do mesmo, de Nivel III (Protección Ambiental) a Nivel I (Protección Integral). Isto supón que segundo o disposto no artigo 4.2.5.4 da Normativa do vixente PXOM do concello de Arzúa, só se permitirían obras de consolidación, restauración e conservación, tanto se afectan a totalidade como a parte do edificio. Nembargantes, nos últimos anos estanse a executar obras no edificio do Pazo que non corresponden co nivel de protección integral que se pide e si co nivel de protección actual (ambiental) e que veñen definidas no artigo 4.2.5.6 da Normativa do vixente PXOM. Estas obras pódense comprobar tanto coas licenzas de obra concedidas no seu día como coa visita técnica que debería de realizarse para resolver este expediente.

Polo tanto, non parece coherente que se autorice un cambio de protección maior, cando previamente, se executaron obras que en ningún caso se poderían levar a cabo de contar con esa protección. En todo caso non debería autorizarse o cambio de protección, mentres o propietario non devolva o edificio ao estado orixinal.

SEGUNDA: Compárase na solicitude o grado de protección do Pazo de Brandeso con outras construcións de maior protección como hórreos ou pombais. Esta comparación non procede porque estes elementos, tal e como establecía o informe emitido o 13 de outubro de 2006 pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural previo a aprobación do PXOM de Arzúa, terán que ser considerados BICs e polo tanto, gozarán da máxima protección (protección integral). Dicia o informe. “O catálogo non recolle todos aqueles bens de carácter etnográfico (muiños, batáns, ferrerías, pontes, pontellas, pombais, fornos, adegas, hórreos, palleiras, fontes, lavadoiros, palcos de música...) que, polo seu interese desde o punto de vista da cultura tradicional e popular, deben protexerse para a súa transmisión á xeracións futuras. Polo tanto, cómpre facer o traballo de campo para a localización, identificación e protección destes bens que na actualidade non estean recollidos en inventarios.

Cruceiros, hórreos, fontes, muiños e outros elementos de carácter etnográfico non están catalogados, no caso dos primeiros sen ter en consideración o seu carácter de BIC, máximo nivel de protección da Lei 8/1995 do Patrimonio Cultural de Galicia.

Tódolos hórreos ou cabazos con antigüidade de máis de cen anos atópanse protexidos polo Decreto 449/1973, do 20 de febreiro, e considerados ben de interese cultural pola disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español”.

En todo caso, o propietario debería facer a comparación con elementos análogos, ou sexa, outros pazos incluídos no Catálogo, por certo, ningún deles ten o nivel de protección integral.

TERCEIRA: Utilízase como argumento para solicitar o cambio o feito de que a Capela ten un grao de protección Nivel I, por conseguinte, o Pazo debería ter a mesma protección xa que están “situados ambos edificios na mesma parcela e forman ambos edificios un complexo integral”, sen ter en conta que a Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, no seu artigo 21.1 di: “En los instrumentos de planeamiento relativos a Conjuntos Históricos se realizará la catalogación, según lo dispuesto en la legislación urbanística, de los elementos unitarios que conforman el Conjunto, tanto inmuebles edificados como espacios libres exteriores o interiores, u otras estructuras significativas, así como de los componentes naturales que lo acompañan, definiendo los tipos de intervención posible. A los elementos singulares se les dispensará una protección integral. Para el resto de los elementos se fijará, en cada caso, un nivel adecuado de protección”. Polo tanto, está claro que independentemente de que formen un “complexo integral” como se afirma na solicitude, a protección dos distintos elementos deberá fixarse en función das súas características.

Sorprende que non se faga referencia ao grao de protección nin ao estado actual doutros elementos integrantes do “complexo integral” como o hórreo, o pombal, muros, fontes, vivendas e outras construcións anexas.

CUARTA: No expediente incorpóranse dous informes: un da D.X. de Patrimonio Cultural e outro do arquitecto do Concello de Arzúa. Ámbolos dous se emiten sen que previamente se realice unha visita ao lugar para comprobar o estado de conservación do Pazo e doutros elementos integrantes do conxunto, das obras executadas ou en execución, das novas construcións e doutros aspectos relevantes para a resolución do expediente; danse por válidos os argumentos expostos polo solicitante sen que previamente se faga unha valoración deles.

En consecuencia debería de emitirse un novo informe técnico antes da resolución do expediente, que reflecta realmente a situación actual do conxunto dos elementos que conforman o Pazo de Brandeso e que permita tomar a decisión correcta.

QUINTA: O obxectivo do pretendido cambio de grao de protección nada ten que ver coa protección do Patrimonio como se indica na solicitude, o que realmente se pretende é obter a exención do Imposto de Bens Inmóveis, posto que o R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 62.2, ao falar das exencións do IBI di que estarán exentos,

previa solicitude: “En sitios o conjuntos históricos, los que cuenten con una antigüedad igual o superior a cincuenta años y estén incluidos en el catálogo previsto en el Real Decreto 2159/1978, de 23 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de planeamiento para el desarrollo y aplicación de la Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana, como objeto de protección integral en los términos previstos en el artículo 21 de la Ley 16/1985, de 25 de junio”

Para comprobar esta afirmación deberá de incorporarse ao expediente de cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, unha copia do expediente que se tramita no Servizo correspondente da Deputación Provincial da Coruña, relativo a exención do IBI do Pazo de Brandeso e que no seu día foi enviado ao Concello de Arzúa.

Polo tanto, tendo en conta as consideracións anteriores SOLICITO:

1º.- Que se incorpore ao expediente de cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso unha copia do expediente enviado ao Concello de Arzúa pola Deputación Provincial da Coruña, relativo á solicitude de exención do IBI do Pazo de Brandeso.

2º.- Que se emita un novo informe do arquitecto municipal, previa visita ao lugar.

3º.- Que se desestime a solicitude de cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso.”

Tras a lectura realizada, o Sr. Bermúdez Taboada manifestou:

-Que non procede o cambio de nivel solicitado para o Pazo de Brandeso, e el votará en contra, porque hai unha serie de cuestións que impiden que este voto poida ser positivo.

- Que en canto ao tema de procedemento, considera que hai unha serie de irregularidades, desde o punto de vista xurídico e técnico; desde o punto de vista xurídico está claro que noso criterio difire claramente do grupo político do Partido Popular e do informe do secretario.

- Que entendemos que é unha modificación puntual do Plan Xeral, e polo tanto non se seguiu o procedemento que sería: unha aprobación inicial, e unha aprobación provisional polo Pleno e unha aprobación definitiva por parte da Consellería de Política Territorial, e previa petición e informes á Consellería de Cultura.

- Que votamos en falta o informe xurídico sobre o procedemento que debe seguirse; e unha cousa moi importante, que é que as alegacións non están informadas xuridicamente; porque teríase que ter unha base para dicir se estas alegacións están ou non fundamentadas.

Manifesta o secretario que na sesión da Comisión informativa xa dixo (*como consta en acta*) que, aínda que non ten obriga legal de informar esas alegacións, sí quería o concelleiro que as presentou, as informaba nese mesmo acto; pero ningún dos presentes lle dixo que o fixera; porque é moi fácil facer ese informe.

-Que falta un dato esencial para resolver este expediente, como sería unha copia do expediente que a Deputación Provincial enviou a este Concello, relativo á exención do imposto sobre bens inmobles, que pediu a persoa que solicita o cambio de nivel; o que ven a corroborar que a súa única pretensión é evitar pagar a contribución.

- Que, desde o punto de vista técnico, hai cousas que son irregulares, como que había un informe inicial do técnico municipal que contradíse ao que fixo posteriormente; no primeiro dise que non se presentou no Pazo de Brandeso e que procede o cambio de nivel e no segundo, en base a unha fotografía dunha ficha, di que el sacou esa fotografía e iso demostra que estivo; pero máis grave é a falta de motivación deses informes.

- Que o único que se pretende con este cambio é non pagar o imposto sobre bens inmobles, que ven sendo duns 4.000 euros ao ano; eso é o que se lle vai a perdoar -ao propietario do Pazo de Brandeso- se se aproba este cambio de nivel; e precisamente neste momento en que se lle está pedindo a todo o mundo un esforzo para saír da crise; e máis cando o goberno central acaba de aprobar unha norma, segundo a cal o imposto sobre bens inmobles vai subir un 10% para o ano 2012 e outro 10% no 2013.

- Que a nós elexíronos para defender ao interese xeral, non o particular; polo que pide aos seus compañeiros de grupo que se lles queda algo de dignidade non permitan esta gran cacicada.

*Volve a intervir o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que respondendo ás indicacións que realizou o Sr. Orois Valiño, en relación coa súa primeira intervención, quere dicir agora que se ratifica en todo canto dixo.

- Que parece ser que o voceiro do grupo político do PP erixese como avogado defensor do solicitante, e pídelle que retire as palabras que pronunciou acerca do propietario do Pazo de Brandeso. E quere dicirlle que non as vai retirar, porque realmente a quen esta ofendendo é a min.

- Que se reitera na cuestión da mala fe e na picaresca, e engade agora a pedantería.

- Que no escrito dise entre outras perlas, a modo de exemplo: *”Que incluída en la citada parcela, se erige una de esas estampas que acuña, representa y ensalza la naturaleza intrínseca de la verdadera exquisitez de una de las fases más significativas del sentir y vivir del rural Gallego. Un rural lleno de luces y sombras donde, a modo de haz, se percibe el flash de esos recintos adscritos a la cultura y arquitectura paciega, dentro de la que sobresale esa masa patrimonial conocida como Pazo de Brandeso”*

¡Si Valle Inclán levantase a cabeza!

- Que o propietario do Pazo de Brandeso tivo ocasión de pedir o cambio de nivel de protección ao Nivel I, cando se expuxo ao público o Plan Xeral, e non o fixo porque non lle interesaba, porque estaba facendo obras.

-Pide que se deixe sobre a mesa este asunto, e se presenten os informes que faltan, así como o expediente no que o solicitante solicita ao exención do imposto sobre bens inmobles.

- Engade o Sr. Pintor Vázquez que sí existe agravio comparativo, porque se exime de pagar, e outros en circunstancias parecidas sí teñen que pagar.

- Deseguido leu o que dixo o BNG, nun boletín informativo do ano 1999: *”O Pazo de Brandeso é unha das mellores mostras da arquitectura civil que temos no noso Concello, e como tal está incluído no Inventario de Patrimonio Histórico Artístico, polo tanto esta suxeito a unha protección especial que obriga a que todas aquelas*

actuacións que se realicen nunha franxa de protección de 100 metros sexan autorizadas polo órgano competente da Consellería de Cultura. No Pazo de Brandeso estanse realizando obras desde o principio dos anos noventa, non só na franxa de protección senón no mesmo Pazo, obras que afectan a estrutura orixinal do edificio como vaciado do interior, substitución do chan e teito de madeira por placas de formigón, apertura de claravoiás no teito, recebo de paredes, incremento de volume, e todo isto coa persimidade do alcalde do PP naquel momento, que eludindo a súa responsabilidade en protección do noso patrimonio histórico consinte que un novo señorito faga e desfaga ao seu antoxo.”

-Remata a súa exposición o Sr. Pintor Vázquez indicando que pide que se rexeite esa petición do cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, ou que se deixe sobre a mesa para estudialo conxuntamente co resto dos pazos e tamén con outro tipo de cuestións que temos que mirar no Plan Xeral de Ordenación Municipal; porque se isto se leva para adiante tomaremos as medidas xurídicas oportunas, en base á falta de documentación, porque entendemos que se trata dunha modificación do Plan Xeral, porque o alcalde nos anuncios publicados tanto no BOP coma no DOGA fai mención á suspensión de licenzas.

*Volve a intervir o Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

- Que, en resposta ao Sr. Bermúdez Taboada, quere dicir que o escrito de alegacións que leu dito concelleiro pon no seu encabezamento “*Ao Sr. alcalde-presidente do Concello de Arzúa*”, polo tanto é unha crítica inxustificada que se fai ao alcalde por non pedir o informe xurídico.

- Que non se pode esixir responsabilidade á oposición do PP, cando non temos feita ningunha alegación, e cando o escrito de alegacións vai dirixido ao alcalde.

- Que, sobre a solicitude de exención do imposto sobre bens inmobles, quere dicir que o dereito de petición está recollido na lei; polo tanto un pode pedir todo o que se axuste á lei, e non se pode facer nada máis que admitir as peticións legais; un pide o que cre que ten dereito, e se se a denega, denégaselle e se se lle concede, concédeselle.

- Que é certo que hai outros pazos, pero algúns non teñen capela, como por exemplo o Pazo de Magulán; e se fala de perdoar o imposto de bens inmobles, cando aquí se trata de aplicar a lei, e se un ten dereito a que se conceda o cambio de nivel de protección dun pazo e á exención do imposto sobre bens inmobles, pois ten dereito. Os dereitos non se perdoan.

- Que aquí se quere falar dun acto de benevolencia, e aquí é o que di a lei; non podemos confundir o perdón co dereito. Nós non somos quen para perdoar, somos persoas que estamos en postos de responsabilidade, e temos que defender o cumprimento da normativa.

- Que o Sr. García Couso, no seu escrito de alegacións, indica que non foron os arquitectos nin a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural nin o arquitecto do Concello; pero resulta que o arquitecto do Concello di, que sí foi, e o de Patrimonio que tamén, porque hai unha resolución do 14 de decembro de 2011 e outra de 27 de marzo de 2012, onde se di que se realizou unha visita de inspección ao Pazo de Brandeso.

Por tanto, se nas mesmas alegacións hai un apartado no que se falta á verdade, esas alegación xa perden moito valor de por sí.

-Pide que se a lei contempla o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso a Nivel I, se conceda, se ademais o informe xurídico -solicitado ao secretario-di que é legal que se conceda e se, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, o di tamén.

Polo que, se os informes mencionados son favorables, el vai votar a favor dese cambio de nivel de protección; non para perdoar nada, senón para cumprir soamente o que sexa legal, tanto en canto a este pazo como en cuanto a calquera outro cuxo propietario o pedise tamén, se ten dereito e a lei o ampara.

*Volve a intervir o Sr. Bermúdez Taboada (do BNG) para expresar:

- Que cre que desde logo o Sr. Orois Valiño non cre o que dixo, e sabe perfectamente cal é o motivo do cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso; e, se o quere corrobora: ¿por que non pide que se incorpore ao expediente o documento que se pide na alegación?; tamén sabe o Sr. Orois que calquera alegación diríxese ao alcalde.

- Que non pode dicir o Sr. Orois que nós faltamos á verdade, porque no informe do arquitecto de data 5 de novembro de 2011 onde se di “*sen terse persoado no lugar onde se atopan encravadas as edificacións e contrucións obxecto do presente expediente...*” Entón iso non o dicíamos nós, iso dixoo el.

- Que faltan informes xurídicos, en concreto un informe que informe as alegacións e un informe sobre o procedemento; e os informes técnicos están sen motivación; no segundo informe de Patrimonio dise unha cousa moi curiosa “*el edificio de referencia foi obxecto dunha visita por parte dun técnico desta Dirección Xeral e dun informe posterior pormenorizado con data 7 de abril de 2011*”, e a solicitude entrou no concello o día 7 de marzo de 2012. Aquí hai un informe de 7 de abril de 2011, que por encima non está no expediente.

- Que está clarísimo que o fin do cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso é non pagar o imposto sobre benes inmobles.

*Remata este debate, ca seguinte exposición do Sr. alcalde, expoñendo o seguinte:

- Que dixo nunha reunión que as portas deste Concello están abertas a toda a Corporación Municipal, para que en calquera momento se requiran as explicacións convintes; e houbo tempo para que se lle pedira ao arquitecto explicacións sobre este asunto.

- Que as alegacións presentadas polo Sr. García Couso foron presentadas sen convocar a todos os membros do Consello Local do BNG á reunión onde se decidiu facer esas alegacións. Só ten coñecemento delas cando se lles dou rexistro de entrada e llas subiron ao seu despacho.

Interrumpe o Sr. Bermúdez Taboada ao Sr. alcalde para decirlle que mentía.

Retira a palabra o Sr. alcalde ao Sr. Bermúdez Taboada, para continuar coa súa exposición indicando:

-Que a postura que vai tomar é a máis consecuenta que se pode tomar en vista da documentación que existe sobre este tema.

- Que a primeira cousa que lle chamou a atención foi que no Plan Xeral o Pazo de Brandeso merece o mesmo nivel de protección que as edificacións que figuran nas fotografías que exhibe neste acto. (*Observándose nesas fotografías que se trata de edificacións de moita menor categoría, as cales quedan unidas á presente acta*).

- Que se puxo en dúbida as intencións do propietario do Pazo de Brandeso; e parece ser que nunha época foi unha persoa altruista e agora trata de demonizarse. Este propietario comprou unha finca que despois foi doada ao Concello no ano 2005, e nese mesmo ano legalizáronse as obras que se realizaran alí. Recalca: que con isto non quere dicir nada, só expoñer un feito.

- Que o Sr. Pintor Vázquez acaba de ler un boletín do BNG do ano 1999, no que se criticaba a actuación do goberno do PP, ao consentir as obras que se estaban realizando no Pazo de Brandeso; o cal se contradí coa actuación que levou a cabo despois o goberno do BNG, en relación tamén coas obras que se seguiron realizando en dito Pazo.

- Que o alcalde non ten ningunha intención escondida, porque cando se presenta unha solicitude o que fai é dicirlle aos técnicos cal é o procedemento que se debe seguir; porque el non é coñecedor deses procedementos, e non ten porque dubidar da palabra dos traballadores.

Deseguido, o Sr. Orois Valiño (do PP) pediu ao alcalde que autorizase ao secretario para ler o informe xurídico que se solicitara no acto da sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, cando se tratou deste asunto, para que realice as aclaracións que se suscitaron durante este debate:

Pasando o secretario a ler dito informe, que foi emitido no seguinte sentido:

“Celebrada o día 26 de abril unha sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na cal se tratou sobre o expediente tramitado para poder cambiar o nivel de protección do Pazo de Brandeso, tendo en conta as alegacións presentadas polo concelleiro Sr. García Couso.

E solicitando o voceiro do grupo político do Partido Popular, Sr. Orois Valiño, que por parte deste funcionario se emitise un informe xurídico, en relación co nivel de protección do Pazo de Brandeso, á vista do disposto no artigo 4 n° 1 punto 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal, para que o seu grupo político poidera pronunciarse na sesión que celebrará o Pleno deste Concello, ao resolver sobre este asunto.

PROCEDE INFORMAR que o citado artigo 4 atópase incluído dentro da Sección 2ª “Patrimonio Arquitectónico”, do Capítulo 1 “A protección do patrimonio

histórico”, do Título IV “Condicións de protección do patrimonio histórico, natural e do medio ambiente”; e en dito artigo indícase que os bens incluídos no Catálogo de Protección clasifícanse en tres niveis en función dos valores a protexer:

- Nivel I. Protección Integral.
- Nivel II. Protección Estrutural.
- Nivel III. Protección Ambiental.

De maneira que, cando o obxecto protexido sexa un edificio e no citado catálogo figure exclusivamente como tal, entenderase que a protección esténdese á totalidade da parcela onde se sitúe, quedando excluída calquera posibilidade de segregación de novas parcelas.

En consecuencia, si temos en conta:

A) Por unha parte:

a) Que dentro da mesma parcela atópase unha capela, incluída no Nivel I. Protección Integral e o Pazo de Brandeso, incluído no Nivel III. Protección Ambiental.

b) Que, en canto á citada capela, ao artigo 4 n° 2 punto 5, apartado 4, ao sinalar as obras que poden permitirse, indica que en edificios de Protección Integral autorízanse obras de consolidación, restauración e conservación.

c) Que, en canto ao Pazo de Brandeso, o artigo 4 n° 2 punto 5, apartado 6, establece que poden autorizarse obras de restauración total ou parcial, de conservación, consolidación e rehabilitación, así como as de ampliación toleradas en función da ordenanza correspondente.

B) Por outra parte:

1) Que conforme se dispón no artigo 1 n° 1 punto 8, apartado 1, do Plan Xeral, as súas normas interpretaríanse atendendo ao seu contido e con suxección aos obxectivos finais expresados na Memoria.

2) Que a Memoria do Plan Xeral, ao establecer os criterios de carácter xeral aplicados na súa redacción, refírese aos obxectivos de carácter ambiental que se tiveron en conta, incluíndo en tal sentido a conservación e recuperación do patrimonio arquitectónico, cultural e medioambiental; indicando que o estudo pormenorizado establece este obxectivo en relación co patrimonio arquitectónico e cultural.

3) Que na interpretación do Plan Xeral prevalecerán, como criterios, aqueles máis cercanos á menor edificabilidade, á maior dotación para espazos públicos e á maior protección ambiental, conforme se indica no artigo 1 n° 1 punto 8 apartado 5.

Cabe entender que ao estar incluídas na mesma parcela as dúas edificacións (a Capela e o Pazo) debería primar o Nivel I. Protección Integral, á hora de incluír en el esas dúas edificacións, dado que neste tipo de protección non se poden levar a cabo obras de ampliación nin de aumento de edificabilidade; mentres que no Nivel III. Protección Ambiental sí; polo que o cambio de nivel de protección formulado a través do referido expediente estaría en concordancia cos obxectivos marcados polo Plan Xeral.

Considerando este funcionario –en concordancia con todo o exposto- que, entre os moitos erros que houbo na redacción do Plan Xeral, atópase este de non incluír o Pazo de Brandeso dentro do Nivel I. Protección Integral.”

Tras a lectura deste informe, o secretario informou tamén

1) Que en canto á observación que realizou o Sr. Bermúdez Taboada, de que el tivera que facer un informe xurídico sobre as alegacións presentadas, quere dicir:

- Que xa indicou na sesión da Comisión informativa, cando se estudiou este asunto, que se se quería emitía un informe xurídico nese mesmo acto, pero ninguén lle dixo que o fixera, e entón non o fixo.

- Que cando se presentaron cerca de dúas mil alegacións ao Plan Xeral de Ordenación Municipal, que aprobou a anterior Corporación na que o Sr. Bermúdez Taboada era concelleiro de urbanismo, o servizo xurídico que tiña contratado entón o equipo de goberno –a través do avogado Carlos Hernández López- informou, con data 26 de outubro de 2007 o seguinte:

“Un arquitecto es sobradamente competente para emitir informes sobre cuestiones jurídicas, que pudieran suscitarse en las alegaciones que se presenten en el trámite de información pública...”

Hemos de concluir que los informes emitidos por el equipo redactor (naquel caso un arquitecto) es válido, suficiente a los efectos de la adopción del acuerdo que se propone adoptar el ayuntamiento en el expediente de aprobación del Plan General”

En consecuencia, sí para el Plan Xeral de Ordenación Municipal, que é posiblemente a cuestión máis importante que ten que aprobar un Concello, non facía falta ningún informe xurídico para aprobar ou rexeitar as máis de dúas mil alegacións que foron presentadas, pregunta: ¿como se pode pedir agora ese informe xurídico?

2) Que, en canto a que o arquitecto municipal non foi ao Pazo de Brandeso para facer o seu informe, quere deixar constancia de que lle consta que si foi, a diferenza do que veu sucedendo durante os oito anos de goberno da anterior Corporación, no que o arquitecto tiña que facer os seus informes sobre licenzas de obras en base ao proxecto técnico presentado, e non sobre o terreo; o cal supoxo en moitos casos o que todos sabemos.

Chegado este momento, e tendo en conta todo cando quedou exposto, o alcalde entreviui para indicar que consideraba suficientemente debatido este asunto; polo que decidía someter a votación ordinaria:

Primeiro.- A admisión o rexeitamento das alegacións presentadas polo Sr. García Couso, cando actuou en representación do Bloque Nacionalista Galego.

Adoptándose o acordo de rexeitar as alegacións presentadas.

Sendo adoptado dito acordo –por seis votos a favor (*dos 6 concelleiros do PP: Sras. Vázquez Orois e Castro Pampín e os Sres. Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro*

Regueiro e Rodríguez Vázquez) e dous en contra (1 do BNG, do Sr. Bermúdez Taboada e 1 do PSdeG-PSOE, do Sr. Pintor Vázquez), e coa abstención dos catro concelleiros restantes do BNG (a Sra. Torreiro González, a Sra. Pereira Rey e a Sra. Varela Duro e o Sr. alcalde).

Segundo.- A aprobación sobre o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, á vista do expediente tramitado.

Adoptándose o acordo de aprobar o cambio de nivel de protección do Pazo de Brandeso, nos termos nos que foi solicitado, pasando de estar incluído no Nivel III. Protección Ambiental a quedar incluído no Nivel I. Protección Integral.

Sendo adoptado dito acordo –por seis votos a favor (*dos 6 concelleiros do PP: Sras. Vázquez Orois e Castro Pampín e os Sres. Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro Regueiro e Rodríguez Vázquez*) e dous en contra (*1 do BNG, do Sr. Bermúdez Taboada e 1 do PSdeG-PSOE, do Sr. Pintor Vázquez*), e coa abstención dos catro concelleiros restantes do BNG (*a Sra. Torreiro González, a Sra. Pereira Rey e a Sra. Varela Duro e o Sr. alcalde*).

Tamén –polos mesmos seis votos a favor do Partido Popular e coa abstención dos mesmos catro concelleiros do Bloque Nacionalista Galego, ausentándose nesta votación os Sres. Bermúdez Taboada (do BNG) e o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE)-, adoptouse o acordo de levantar a suspensión do outorgamento de licenzas que se acordara polo decreto do alcalde de data 21 de decembro de 2011, e publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Diario Oficial de Galicia e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

Punto 3º) MOCIÓN PRESENTADA POLO PARTIDO SOCIALISTA, CON DATA 23 DE MARZO DE 2012, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 596, EN RELACIÓN COA REFORMA DO MERCADO LABORAL.

Polo secretario dáse lectura do ditame que, en relación con esta moción, emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno, na sesión celebrada o día 26 de abril de 2012; no seguinte sentido:

“Previa concesión da palabra, o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) expón que a súa idea, cando presentou a moción, era que fora debatida na sesión plenaria anterior, pero considera que –como as cuestións a que se refire esta moción seguen ahí- podería pronunciarse tamén o Pleno agora sobre as mesma; polo que procedeu a dar lectura de dita moción.

Deseguido o Sr. Pintor Vázquez indicou que quería facer as seguintes reflexións:

- Os traballadores non somos os responsables da situación económica que existe.

- Os traballadores non buscamos o deterioro da empresa, si que funcione.

- O que se conseguiu ao longo do tempo polos traballadores, foi a través dun proceso que durou moitos anos e con moito sufrimento, como para que agora dun plumazo veñase todo abaixo. A calidade de vida mídese tamén por estas cuestións.

- Non é xusto que a crise a teñan que pagar os máis débiles e que queden ao libre albedrio dos empregados. Os traballadores son os que fan a empresa.

A continuación emítense as seguintes opinións:

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que o seu grupo político está en contra desta moción sobre a reforma laboral, porque considera que ante o elevado número de parados facía falta facer unha reforma laboral.

- Que tamén considera que o Partido Popular sofre un desgaste polas medidas que esta tomando, pero que son necesarias.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expoñer que estamos nun momento moi difícil, no cal quen leva as de perder son os traballadores, cunha perda dos dereitos adquiridos, acompañada dun recorte das súas liberdades; polo que votará a favor desta moción.

Tras o exposto, someteronse a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén a moción debatida;

Adoptándose –por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSde G-PSOE) e tres en contra (do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello a adopción deses dous acordos.”

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

* Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para explicar que esta moción foi presentada o día 23 de marzo de 2012, antes da folga xeral do día 29 de marzo, coa idea de que fora tratada na sesión plenaria que ía haber a finais dese mes, pero non puido ser porque o alcalde falou cos voceiros dos grupos políticos para formularlles que non ía haber a sesión plenaria de finais do mes de marzo, porque tíñase previsto convocar outra sesión do Pleno a mediados do mes seguinte, e logo non a houbo; pero considera que esta moción ten a mesma validez que cando a presentou, porque trata as mesmas cuestións que se plantearon como consecuencia da reforma laboral.

Seguidamente o Sr. Pintor Vázquez pasou a ler esta moción, cuxo texto é o seguinte:

“As disposicións contidas no Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral, aprobado polo Goberno de

España van ter, no caso de que sexan aprobadas polas Cortes Xerais, consecuencias moi negativas sobre os dereitos dos traballadores.

1. A reforma pretende que o despido sexa a opción mais fácil para que unha empresa mellore a súa competitividade. A reforma traerá máis paro: nun momento de recesión como o que estamos vivindo unha reforma laboral como esta, só serve para facilitar e abaratar o despido, para facilitar máis da destrución de postos de traballo, pero non para incentivar a contratación. Ademais está pensada por un Goberno que carece dunha axenda de reformas para impulsar o crecemento. O Goberno só ten unha axenda de axuste, de tripla axuste. Axuste presupostario, axuste de rendas de traballo (subida do IRPF) e axuste nos dereitos dos traballadores.

2. A reforma supón un retroceso dos dereitos dos traballadores porque:

** Xeneraliza o abaratamento do despido a 20 días, ao vinculala a unha situación habitual no ciclo recesivo da economía, como é a caída durante tres trimestres dos ingresos (independentemente de que os beneficios aumenten).*

** Abre a porta a unha rebaixa xeral dos soldos sen necesidade de acordo. A reforma laboral reforzará o poder dos empresarios nas relacións de traballo. Terán máis doado modificar as condicións laborais ata o punto de que poderán baixar o soldo aos traballadores sen necesidade de acordo simplemente por razóns de competitividade ou produtividade.*

** Crea un novo contrato con bonificacións que permite o despido libre e gratuíto durante o primeiro ano. Este contrato desvirtúa completamente o período de probas e pode provocar unha xeneralización de contratos formalmente indefinidos pero que, na práctica, non duren máis dun ano ou que conclúan os tres anos cando finalice as bonificacións.*

** Abre o camiño dos despedimentos colectivos no sector público. Esta reforma afecta a un millón de empregados públicos, porque non só incumbe aos que traballan nas empresas públicas, senón tamén ao persoal laboral contratado directamente polos concellos, as comunidades autónomas ou os propios ministerios.*

3. A reforma anula a capacidade de negociación dos sindicatos para defender os dereitos dos traballadores.

Unha gran reforma laboral precisa do pacto dos axentes sociais para ser garantía de éxito. Á que presentou o Goberno facilita a inaplicación do pactado nos convenios (“descolgues”). Establécese un procedemento para saltarse o disposto nos convenios, similar, pero máis doado, que o que se pode usar para o despedimento por causas económicas. Suprime a autorización da autoridade laboral dos expedientes de regulación de emprego (ERE), co que se reduce seriamente a capacidade dos sindicatos á hora de negociar e se asume un risco engadido de xudicialización das relacións laborais.

En definitiva, a reforma laboral non vai resolver a grave crise que sofre a economía española e non vai rebaixar a alta taxa de paro existente. O que si vai supoñer é unha degradación das condicións de traballo, un empobrecemento da poboación e un ataque á cohesión social.

A reforma proposta vai derivar en incremento do número de despedimentos e rebaixas nos soldos dos traballadores, que afectará moi negativamente ao consumo

das familias, deprimirá a demanda interna e en consecuencia producirá diminucións do Produto Interior Bruto que á súa vez supoñerá máis desemprego.

A reforma é ineficaz, dende a perspectiva do emprego, porque favorece o despedimento e con el o aumento do desemprego. É inxusta, porque os traballadores perden dereitos e porque dá todo o poder aos empresarios sobre os traballadores, creando ademais inseguridade nos traballadores.

Polo exposto, o Grupo Municipal Socialista somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1. O Pleno Municipal do Concello de Arzúa insta ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas, que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.

2. O Pleno Municipal do Concello de Arzúa dará traslado da presente moción ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos/ás Voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos/ás representantes do axentes sociais.”

Continúa a súa intervención o Sr. Pintor Vázquez, expoñendo:

- Que se fixeron públicos os datos da EPA, e por desgracia segue aumentando o paro, a lei non lle serviu ao goberno para reducir o número de parados; dicían que se ían crear máis postos de traballo, e agora mesmo estamos nas 5.639.500 desempregados, e en Galicia 265.000.

- Que estamos en case un 25% de desemprego, e iso é moi dramático e moi duro, e quizás teñamos que ir preparándonos para o futuro, porque –se segue con estas medidas o Partido Popular- cre que vai destruír máis que a construír.

- Que chegoulle hoxe o recurso de inconstitucionalidade desta lei que presentaran os sindicatos, e que o PSOE tamén presentou.

- Que segundo din os sindicatos esta lei vulnera a Constitución, e pedíronlle o Defensor do Pobo que presente un recurso de inconstitucionalidade, porque vulnera os seguintes artigos da Constitución: o 86 nº 1, o 35 nº 1 e 24 nº 1 e o 37 nº 1.

- Que a reforma laboral, como a suba de impostos, o tixeiretazo na sanidade e nos servizos sociais, non se puxera no programa electoral do Partido Popular; polo tanto parécelle un fraude intentar estas reformas, porque afectan á estabilidade da sociedade. Por iso pide ao Pleno do Concello que aprobe esta moción e rexeite a Lei de reforma laboral.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que é certo que estamos unha situación crítica en toda España e que había que facer unha reforma laboral, pero o que non se lle pode pedir a esta reforma laboral é que en dous meses resolva a desfeita que fixo o goberno do PSOE en oito anos.

- Que a reforma laboral non se fixo para prexudicar ao traballador, fixéronse unhas novas condicións de traballo, pero respecto aos dereitos adquiridos polos traballadores dos contratos antigos, a nova indemnización só será de aplicación polo período de traballo que se realice a partir da aprobación da seguinte norma.

- Que a crise tamén a sofren os empresarios, moitos deles en plena ruina; polo tanto temos dereitos tanto os traballadores, que somos nós, como os empresarios.

- Que tamén vanse conformar unha serie de incentivos fiscais, como a contratación de menores de 30 anos, reducións fiscais de 3.000 euros durante o primeiro ano, bonificacións á seguridade social, primando tamén a contratación de mulleres en vez de homes.

- Que polo tanto hai certas medidas coas que se pode acertar ou fallar, como calquera previsión que poidera facer outro goberno; o certo é que estamos nunha situación crítica, que veu arrastrada, pero que se negou no seu momento.

- Que a reforma laboral é unha normativa necesaria e valente, pero non o di o Partido Popular, temos o apoio da maior parte dos gobernos da Unión Europea, ata Joaquín Almunia –que é vicepresidente da Comisión Europea e que non é do PP, senón do PSOE- alaba as reformas que esta levando o Partido Popular. Estas reformas a ningún goberno lle gustaría facelas, porque posiblemente lévaranno a perder as vindeiras eleccións.

- Que o goberno do Partido Popular está decido a combatir a taxa de parados, flexibilizar un mercado laboral no que non había ningún tipo de marxe, fomentar a recolocación de traballadores que sufran un ERE; polo tanto é a reforma que España necesita.

- Que nos temos plena confianza no goberno do Sr. Rajoi, e esperamos que a situación económica mellore, porque hoxe moitas familias que o están pasando mal, e temos que tomar medidas tamén en Arzúa para axudarlles sen ter que facer unha reforma laboral.

- Que hai un banco de alimentos en Santiago, ao que se pode adscribir calquera persoa de Arzúa, a través de calquera institución.

*Do Sr. alcalde para manifestar que subscribe o que di a moción.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que o voceiro do PP debería dicirlle ao Sr. Rajoi que deixe de miarar atrás.

- Que é tan mala a reforma laboral que non beneficia a ninguén, nin siquera aos empresarios.

- Que o Sr. Feijoo dixo, cando tomou posesión do seu cargo, que ía acabar co desemprego en 15 días e hoxe temos 265.000 desempregados en Galicia.

- Que o voceiro do PP non debería entrar na demagogía e sinalar a beneficiencia; o que temos que facer é luchar porque a xente traballe, teña un soldo e unha dignidade e que non teña que ir a ningún banco de alimentos.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer que os datos que facilitou son obxectivos, e entende que as solucións hai que buscalas entre todos, e informar á xente; e se unha persoa non ten recursos para acabar o mes, porque está en malas condicións, débesele informar a onde pode ir a buscar alimentos. Eso non é demagogia, senón humanidade.

Polo tanto non pode permitir que o Sr. Pintor Vázquez diga que, os seus, son discursos ilustrativos e, os dos demais, demagogia.

*Da Sra Varela Duro (do BNG) para manifestar que a través dos servizos sociais veu algunha partida do banco de alimentos, para persoas con necesidades.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción.

Pronunciándose a favor os cinco concelleiros do BNG e o concelleiro do PSdeG-PSOE e en contra os seis concelleiros do PP; polo que ao producirse un empate, e considerando que nunha nova votación produciríase o mesmo resultado, decidiu o voto de calidade do alcalde, a favor de adoptar os dous acordos que contén esta moción.; que son os seguintes:

Primeiro.- O Pleno Municipal do Concello de Arzúa insta ao Goberno de España a presentar no Congreso dos Deputados un proxecto de lei alternativo e pactado cos axentes sociais e as forzas políticas, que teña como obxectivo a creación de emprego de calidade e a estabilidade no emprego.

Segundo.- O Pleno Municipal do Concello de Arzúa dará traslado da presente moción ao Presidente do Goberno, á Ministra de Emprego, ao Presidente do Congreso dos Deputados, aos/ás Voceiros dos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e aos/ás representantes do axentes sociais.

Punto 4º) MOCION PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO POLÍTICO DO BNG, CON DATA 12 DE ABRIL DE 2012, REXISTRADA DE ENTRADA AO NÚMERO 760, EN RELACIÓN CO MANTEMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

Previa concesión da palabra, entreviu a Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

-Que se van facer unha serie de recortes, que van ter unha incidencia moi forte, que van deixar unha sinal en moitísima xente, porque os concellos que estamos por debaixo dos 20.000 habitantes imos sufrir un recorte substancial, que pode levar consigo excluír determinados servizos que serían interesantes para moita xente.

-Que estes recortes non son de agora, xa se viñeron arrastrando desde o ano pasado.

- Que no plan concertado houbo unha redución este ano dunha cantidade considerable, o servizo base quedou practicamente suprimido, xa que había unha aportación de entorno a 27.000 euros para o plan de axuda doméstica básica de libre concurrencia e pasamos a ter 2.000 euros.

- Que o decreto da Xunta de Galicia establece que as Deputacións Provinciais terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes, pero non obstante aínda que faga esta consideración non obriga ás Deputacións a dar unhas cantidades ou porcentaxes fixas; o cal leva consigo que os concellos teñan que facer un investimento segundo o número de habitantes que haxa, de entorno a un 20% ou un 60%, que representa unha carga moi considerable para os concellos.

- Que, dados estes recortes, imonos ver obrigados a tomar medidas; pero haberá que procurar que sexan medidas que non prexudiquen aos usuarios que estaban sendo atendidos polos servizos sociais.

Polo que en base a todo iso proponse na moción presentada polo grupo político do BNG:

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de mais de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto a negociar outro no marco da FEGAMP.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para pedir que se lea o ditame que emitiu a Comisión informativa para Asuntos do Pleno; en relación con esta moción; cuxo ditame foi o seguinte:

“A requirimento da Sra. Presidenta desta comisión informativa, o Sr. García Couso procedeu a dar lectura de dita moción; cuxo contido é o seguinte:

“O goberno do PP na Xunta de Galiza acaba de publicar o decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. No mesmo establécese que o servizo de Axuda no Fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público que debe ser garantido polos concellos. Tamén regula o financiamento do conxunto dos servizos sociais comunitarios e concretamente no que se refire aos gastos derivados da prestación do servizo de Axuda no Fogar Básico soamente financiará ás corporacións locais de 20.000 ou máis habitantes, onde só financiará ao traballador/a social. Deste xeito, a inmensa maioría dos concellos galegos, que son os que contan con menos de 20.000 habitantes, van ser excluídos das axudas que ata o de agora viñan recibindo da administración galega.

As axudas da Xunta aos servizos sociais comunitarios xa foron recortados os anos 2010 e 2011, especialmente no que se refire ao servizo de Axuda no Fogar. O Plan 2011 dispoñía de preto de 24 millóns de euros para as prestacións sociais básicas, servizos sociais comunitarios e plan de desenvolvemento xitano, e o goberno do PP recortounos en 2,4 millóns de euros.

Para este ano 2012, o plan concertado quedou na metade, en 12,4 millóns de euros. As partidas do programa de servizos sociais comunitarios foron eliminadas e o plan de desenvolvemento xitano ten unha partida simbólica de pouco máis de 100.000 euros.

O decreto publicado vén a corroborar que o goberno do PP na Xunta de Galiza se desentende por completo dos servizos sociais comunitarios nos concellos de menos de 20.000 habitantes, en especial do servizo de Axuda no Fogar Básico, o que obrigará no mellor dos caos aos concellos a financiar estes servizos e aos usuarios e usuarias a pagar máis nas súas aportacións como copago, ou no peor dos casos a que os servizos desaparezan e só se manteñan para as persoas dependentes coa prestación asignada no seu Plan Individual de Atención.

O propio decreto establece que as Deputacións terán que prestar axuda económica e técnica aos concellos de menos de 20.000 habitantes. Non obstante, non as obriga con cantidades nin porcentaxes. En cambio obriga aos concellos a aumentar o 20% para os concellos de menos de 20.000 habitantes, o 25% para os de 20.000 ata 60.000 e o 33% para os de 60.000 ou máis habitantes.

Compre salientar que o servizo de Axuda no Fogar Básico ou de libre concorrência é ao que teñen que recorrer as persoas con problemas de desestruturación familiar, casos de enfermidade aguda tras alta hospitalaria, persoas en situación de dependencia aínda non valoradas, persoas en situación de dependencia valorada e con dereito pero que non teñen o acceso ao servizo de Axuda no Fogar ou outra prestación asignada (por estar en lista de espera que hoxe en Galiza supera as 27.000 persoas).

O que se pretende con este decreto é trasladarlle aso concellos unha competencia, facer unha descentralización administrativa, pero sen financiamento, onde a Xunta de Galicia abdica das súas competencias para impoñerlle aos Concellos que poñan a disposición da Xunta as dependencias municipais, asumindo todos os custes, a xestión de todos os sistemas informáticos e as horas de traballo do persoal do Concello, para facerse cargo do servizo de Axuda no Fogar Básico.

A Xunta de Galicia debe asumir as súas competencias e garantir uns servizos sociais comunitarios acorde coas necesidades da poboación. E garantir e xestionar un servizo público básico que debe chegar en igualdade de calidade e dereitos a todos os galegos e galegas independentemente do concello onde vivan, como acontece coa sanidade e co ensino.

Se non se fai así as consecuencias van ser moi graves. En primeiro lugar para as persoas usuarias do servizo, en segundo lugar para as xa depauperadas arcas municipais e para os traballadores e traballadoras que realizan este servizo xa que perderán o seu emprego, pasando a incrementar a alta taxa de desemprego existente.

O mesmo decreto tamén establece unha nova regulación da participación económica das persoas usuarias no custe do servizo de Axuda no Fogar que incrementa de xeito substancial en case todos os tramos de renda o copago a realizar. Incrementos grandes para as persoas que teñen recoñecidas as prestacións por dependencia e aínda moito maiores para as que sen ten recoñecida a prestación están en grave situación de risco ou vulnerabilidade.

O goberno do PP na Xunta de Galiza ten a obriga de garantir o funcionamento do Sistema Galego de Servizos Sociais e con este decreto lesiona gravemente os dereitos das persoas e pon en grave risco o sistema de servizos sociais.

Por isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

Instar á Xunta de Galiza a

a) Manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de mais de 20.000 habitantes.

b) Contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

c) Non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do servizo de Axuda no Fogar.

d) Derrogar o decreto a negociar outro no marco da FEGAMP.”

Seguidamente o Sr. García Couso engadiu que a clave esta na deixación de responsabilidade e no traspaso desa responsabilidade nos Concellos, non se sabe con que finalidade.

Deseguido realizáronse as seguintes intervencións:

**Polo Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar que os recortes non teñen que darse en temas de asistencia a persoas que presentan dificultades, como son as situacións de vellez, mobilidade reducida...; e si hai que recortar nunca pode ser en sanidade, educación ou asistencia social.*

**Pola Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que no decreto que regula os servizos sociais comunitarios establécese que o servizo de axuda no fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público, que debe ser garantido polos concellos; pero non se di nada da externalización dese servizo, mediante a súa prestación por unha empresa privada.*

** Polo Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar que no decreto que regula os servizos sociais comunitarios establécese que o servizo de axuda no fogar é un servizo social comunitario básico de carácter público, que debe ser garantizado polos Concellos; pero no se di nada da externalización dese servizo, mediante a súa prestación por unha empresa privada.*

(Faise constar que tanto o Sr. Pintor Vázquez, como o Sr. Orois Valiño, durante as súas intervencións, formularon a introdución dunha emenda cada un deles na moción que estaba sendo obxecto de estudo; chegándose á conclusión por todos os asistentes de que era mellor que esas emendas as formularsen como mocións independentes no acto da próxima sesión do Pleno, antes da rolda de rogos e preguntas; comprometéndose todos a votar a favor da urxencia de que fosen tratadas ambas mocións nesa sesión plenaria).

Tras todo o exposto, a Sra. Presidenta someteu a votación ordinaria as catro propostas de acordo que contén a referida moción;

Adoptándose –por catro votos a favor (3 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e tres en contra (do PP)- o acordo de propoñer ao Pleno do Concello que adopte eses catro acordos.”

Tras a lectura anterior, o Sr. Pintor Vázquez expresou o seguinte:

-Que cando PP deixou a Xunta de Galicia e fíxose cargo dela o PSOE e o BNG aportábanse ao Plan concertado de servizos sociais 15 millóns de euros, agora co goberno do PP aportanse 12 millóns de euros.

-Que non deberían producirse estes recortes, e pasar esta cuestión á Deputación, porque en función das circunstancias dará máis o menos.

-Que o Concello de Arzúa ten que facer o esforzo para no deixar de prestar este servizo, a costa ao mellor de reducir outro tipo de cuestións.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para introducir a seguinte enmenda á moción que se estaba debatindo:

“-Instar a Xunta de Galicia a que continúe financiando o servizo de axuda no fogar para persoas con dependencia e os traballadores de referencia na área social de tódolos concellos de Galicia, e axilizar o financiamento destes dous apartados co fin de mellorar a capacidade económica das administracións locais. Así como, garantirá naqueles concellos que superen os 20.000 habitantes, ou aqueles que coordinando servizos e presentando a solicitude sumen máis de 20.000 habitantes, o financiamento do servizo de axuda no fogar básico.

-Instar a Deputación de A Coruña a que cumpra co establecido na Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prestando apoio técnico, económico e xurídico aos concellos para que desenvolvan as competencias que lle son propias en materias de servizos sociais comunitarios. Así mesmo deberá manterse a necesaria colaboración e coordinación entre Xunta e Deputación, asegurando a Deputación de A Coruña o financiamento do servizo de axuda no fogar básico e do persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios básicos con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do traballador social de referencia para as corporacións locais dos concellos de menos de 20.000 habitantes.”

Engade o Sr. Orois Valiño:

-Que teríamos que unirmos con outros concellos limítrofes, porque con Melide, O Pino, Santiso, Touro e Boimorto superamos os 20.000 habitantes; co fin de que a Xunta de Galicia se faga cargo do servizo de axuda no fogar.

- Que non podemos votar en contra dunha disposición do Partido Popular, tendo nós nas máns a medida para solucionar ou intentar solucionar o problema.

- Que hai que concienciarse de que habería que facer unha mancomunidade, e se, cando se plantee esta cuestión aos Concellos indicados, fai falta ir a falar coa

alcaldesa de Melide e co alcalde de Boimorto, comprométese el a acompañar á concelleira de servizos sociais ou ao alcalde; porque senón se intenta non se consegue.

Porque co tempo estaremos obrigados a mancomunar servizos, senón vai ser difícil sostelos.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para manifestar que neste momento non se sente con forza para levar a cabo esas negociacións, aínda que co tempo seguro que haberá que mancomunar servizos.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expoñer:

- Que consorciar servizos, tratar de apoiarse entre os concellos para ser máis efectivos para prestar este u outro servizo aos cidadáns, sempre é positivo.

- Que, en calquera caso, a enmenda do PP ven a dicir o que di o decreto, e polo tanto a Xunta de Galicia tamén podería dar un tempo prudencial para que os concellos se poideran consorciar.

-Do Sr. alcalde para expresar que non resulta nada fácil mancomunarse, e cando se intentou quedou todo nun titular de prensa; intentouno o Concello de Melide, en canto ao tema da recollida de lixo, co Concello de Toques, e non se conseguiu. Non é un proceso fácil.

Tras todo o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria en primeiro lugar a enmenda presentada polo voceiro do grupo político do Partido Popular, e seguidamente as catro propostas de acordo que contén a moción debatida.

Adoptándose os seguintes pronunciamentos:

Primeiro.- En canto á enmenda presentada polo voceiro do Partido Popular, houbo seis votos en contra (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis a favor (do PP).

Segundo.- En canto ás catro propostas de acordo que contén a moción, houbo seis votos a favor (5 do BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e seis en contra (do PP).

En consecuencia, considerando que ditos resultados manteríanse nunha seguinte votación, decidiu o voto de calidade do alcalde.

Polo que quedaron adoptados os seguintes acordos:

I) Instar á Xunta de Galicia a manter o financiamento dos gastos derivados da prestación do Servizo de Axuda no Fogar Básico ás corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, así como asegurar un financiamento equivalente ao de anos anteriores aos concellos de mais de 20.000 habitantes.

II) Instar á Xunta de Galicia a contribuír economicamente ao mantemento da totalidade dos servizos sociais comunitarios dos concellos.

III) Instar á Xunta de Galicia a non incrementar a participación económica das persoas usuarias no custe do servizo de Axuda no Fogar.

IV) Instar á Xunta de Galicia a derrogar o decreto a negociar outro no marco da FEGAMP.

B) CONTROL E SEGUIMENTO DA XESTIÓN MUNICIPAL

Punto 1º TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLO SR. ALCALDE, DURANTE OS MESES DE XULLO A DECEMBRO DE 2011.

En cumprimento da previsión contida no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, douse conta das resolucións ditadas polo alcalde desde o día 1 de xullo de 2011 –en que foi ditada a resolución máis inmediata a última de 29 de xuño de 2011 (*da cal se dou conta na anterior sesión plenaria*)- ata a ditada o día 31 de decembro de 2011.

Estando referida tanto a primeira resolución (*reflectida no folio 6.512 volto e 6.513*) como a última resolución (*reflectida no folio 6.715 volto e 6.716*) a aprobación de facturas cuxo importe individualizado é inferior a 3.000 euros, por ser esta a cantidade que reservara o alcalde para dispoñer de gastos, xa que a aprobación dos gastos que excedan de dito importe, dentro dos límites da súa competencia, foi delegada na Xunta de Goberno Local mediante o decreto ditado o día 11 de xullo de 2011; e posto que ata esa data o límite de disposición de gastos por parte do alcalde fora fixado en 6.000 euros, conforme a outro decreto ditado polo anterior alcalde con data 19 de xuño de 2007.

Tras todo o exposto, adoptouse –por unanimidade dos trece membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

Punto 2º DAR CONTA DO EXPEDIENTE DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2011.

Por vir así establecido no artigo 193 nº 4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, procede dar conta agora do expediente completo de dita liquidación, por ser esta a primeira sesión seguinte á data do Decreto de aprobación da referida liquidación, que fora ditado polo alcalde o día 12 de marzo de 2012.

Coñecido que o contido de dito Decreto é o seguinte:

“Visto o expediente tramitado para a aprobación da liquidación do Orzamento do exercicio 2011 conforme ao establecido no artigo 191 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o informe de intervención que obra no expediente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento Xeral de 2011, integrada polos seguintes estados: cos seguintes resultados:

- Liquidación do orzamento de gastos
- Liquidación do orzamento de ingresos
- Dereitos pendentes de cobro e obrigas pendentes de pago a 31 de decembro
- Remanentes de Crédito
- Resultado orzamentario
- Remanente de Tesourería

E cos seguintes resultados:

EXECUCIÓN ORZAMENTO GASTOS E INGRESOS:

GASTOS PRESUPOSTARIOS	IMPORTE (OBRIG. RECOÑ. NETAS)	INGRESOS PRESUPOSTARIOS	IMPORTE (DEREIT. RECOÑ. NETOS)
Gastos de persoal	1.775.301,11	Impostos directos	1.414.848,20
Gastos en bens correntes e servizos	1.930.920,82	Impostos indirectos	70.138,99
Gastos financeiros	28.004,37	Taxas e outros ingresos	712.204,21
Transferencias correntes	237.146,89	Transferencias correntes	1.914.690,23
		Ingresos patrimoniais	14.720,87
Investimentos reais	3.869.580,53	Alleamento de investimentos reais	40.667,95
Transferencias de capital	0,00	Transferencias de capital	2.447.976,68
Activos financeiros	3.000,00	Activos financeiros	3.000,00
Pasivos financeiros	87.410,52	Pasivos financeiros	723.183,28
TOTAL	7.931.364,24	TOTAL	7.341.430,41

DEREITOS PENDENTES DE COBRO A 31/12/2011	485.549,20 €
OBRIGAS PENDENTES DE PAGO A 31/12/2011	752.760,01 €

RESULTADO ORZAMENTARIO:

RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO 2011	
A. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS OPERACIÓNS CORRENTES	4.126.602,50 €
B. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS E DEMAIS OPERACIONS NON FINANCEIRAS	2.488.644,63€
TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS	6.615.247,13 €
C. DEREITOS RECOÑECIDOS ACTIVOS FINANCEIROS	3.000,00 €
D. DEREITOS RECOÑECIDOS PASIVOS FINANCEIROS	723.183,28 €
TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS	726.183,28 €
E. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS OPERACIÓNS CORRENTES	3.969.463,19 €
F. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS DEMAIS OPERACIONS NON FINANCEIRAS	3.869.580,53 €
TOTAL OPERACIONS NON FINANCEIRAS	7.839.043,72 €
G. OBRIGAS RECOÑECIDAS ACTIVOS FINANCEIROS	3.000,00 €
H. OBRIGAS RECOÑECIDAS PASIVOS FINANCEIROS	87.410,52 €
I.RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO (A+B+C+D-E-F-G-	-588.023,83 €

H)	
AXUSTES:	
K. CRÉDITOS GASTADOS CON RT PARA GASTOS XERAIS	281.498,00 €
L. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO	368.895,99 €
M. DESVIACIÓN DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO	68.280,20 €
RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (I-K+L-M)	-5.910,04 €

REMANENTE DE TESOURERÍA:

DEREITOS PENDENTES DE COBRO		574.407,45
+De orzamento corrente de ingresos	485.549,20	
+De orzamento pechado de ingresos	90.947,59	
+De recursos doutros entes públicos		
+Doutras operacións non orzamentarias	679,21	
-Ingresos pendentes de aplicación	2.768,55	
FONDOS LÍQUIDOS		751.283,32
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		1.187.186,66
+De orzamento corrente de gastos	752.760,01	
+De orzamento pechado de gastos	326.722,91	
+Doutras operacións non orzamentarias	123.834,57	
-Pagos pendentes de aplicación	16.130,63	
=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		138.503,91
SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		11.376,20
EXCESOS DE FINANCIACION AFECTADA		68.280,20
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS		58.847,51

SEGUNDO.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, de acordo con canto establecen os artigos 193.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e 90.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

TERCEIRO.- Remitir de copia de devandita Liquidación aos órganos competentes, tanto da Delegación de Facenda como da Comunidade Autónoma, en cumprimento do disposto no artigo 193.5 do TRLRFL.”

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados da liquidación do orzamento municipal do exercicio 2011, así como do decreto do alcalde polo cal se aprobou dita liquidación, previo o informe da Intervención.

Punto 3º) DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN, EMITIDO AO ABEIRO DO ESTABLECIDO NO ARTIGO 3 APARTADO 2 DO REAL DECRETO LEI 4/2012 DE 24 DE FEBREIRO, POLO QUE SE DETERMINAN OBRIGAS DE INFORMACIÓN E PROCEDIMENTOS NECESARIOS PARA ESTABLECER UN MECANISMO DE FINANCIACIÓN PARA O PAGAMENTO A PREVEEDORES DAS ENTIDADES LOCAIS.

Dáse conta de dito informe, que foi emitido pola interventora con data 15 de marzo de 2012; sendo o seu contido o seguinte:

“Con data 25 de febreiro do 2012 publicouse no BOP (número 48) o Real Decreto Lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago a provedores das entidades locais.

Como establece a súa exposición de motivos, ponse en marcha por Acordo da Comisión delegada para Asuntos Económicos, este mecanismo de pago e cancelación de débedas cos provedores de entidades locais.

Poderán acollerse ao mecanismo os provedores que teñan obrigas pendentes de pago con entidades locais ou calquera dos seus organismos e entidades dependentes, sempre que as obrigas cumpran os seguintes requisitos:

- Ser vencidas, líquidas e esixibles. Estos requisitos concrétanse nos seguintes: líquidas (que o contratista levase a cabo efectivamente as obrigas contractuais), esixibles (que por parte do órgano competente da entidade local se prestara conformidade a dita obrigación) e vencidas (que transcorrese o prazo legal de pago sen que a obrigación se abonara ao contratista).*
- Presentadas nun rexistro administrativo da entidade (registro de entrada de documentos ou rexistro de facturas de intervención) con anterioridade ao 01/01/2012. Polo tanto, deberá constar a súa entrada con anterioridade a esta data no rexistro xeral de entrada do Concello, ou no rexistro de facturas de intervención. Todas as facturas con entrada en calquera destes rexistros no exercicio 2012, aínda que se emitisen no 2011, non entran dentro do ámbito de aplicación da norma.*
- Que se trate de contratos de obra, servizos, suministros ou xestión de servizos públicos, incluídos dentro do ámbito de aplicación do RDL 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.*

*O citado RDL4/2012 regula o procedemento para facer efectivas as débedas, e as obrigas da entidade local, tanto dos interventores das entidades locais como do propio Pleno da Corporación. Así, o interventor deberá expedir con data límite o 15 de marzo do 2012 unha relación certificada de todas as obrigas pendentes de pago que reúnan **todos** os requisitos a que se fixo referencia, comprensiva da información a que fai referencia o artigo 3.1 da citada norma.*

O apartado 2 do artigo 3 establece a obriga do interventor de informar ao pleno da corporación da relación certificada.

En cumprimento desta obriga infórmase o seguinte:

1.- Unha vez publicado e en vigor o RDLei 4/2012, polos servizos económicos do Concello verificáronse as obrigas pendentes de pago que cumpran os requisitos do artigo 1 da norma (citados anteriormente).

Segundo o disposto no RDLei 4/2012 deberán cumprirse todos e cada un dos requisitos mencionados para que poidan ser incluídas na relación certificada a emitir pola intervención municipal, ou no seu caso, polo certificado contestatorio da solicitude de certificado individual que efectúen aqueles contratistas que non están incluídos na relación certificada pero que acrediten con posterioridade un dereito de cobro fronte á administración e que cumpra os requisitos mencionados anteriormente.

Tal e como sinala o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en nota relativa ás dúbidas interpretativas sobre a aplicación deste RDLei planteadas pola FEMP, no suposto de que as obrigas estiveran prescritas procederá a baixa en contas da obrigación, previa tramitación do oportuno expediente, quedando por tanto excluída da súa inclusión no certificado de intervención.

2.- Con data 8 e 9 de marzo do 2012, ingresouse na tesourería municipal o adianto efectuado pola Deputación Provincial de A Coruña das entregas a conta dos ingresos recadados por conta do Concello correspondente aos meses de marzo, abril e maio, co obxecto de dotar ao Concello de liquidez para facer fronte ao pago das obrigas pendentes.

3.- Verificadas as existencias de fondos na tesourería municipal, e contrastadas co montante total de obrigas pendentes de pago que reúnan os requisitos do artigo 2.1 do RDLei 4/2012; unha vez efectuado o pago das mesmas, resultan un total de 0,00 € de débeda a certificar.

O Ministerio de Administracións Públicas, mediante nota relativa ás dúbidas interpretativas sobre a aplicación do RDLei 4/2012, do 24 de febreiro, planteadas pola FEMP no seu documento de 5 de marzo do 2012, establece no seu apartado II relativo ás obrigas de suministro de información, que o órgano interventor daquelas entidades que non teñan obrigas pendentes de pago nos termos que fixa o artigo 2 do Real Decreto-Lei non teñen a obriga de remitir o certificado esixido polo artigo 3 da norma, sen perxuízo dos posibles certificados individuais que, no seu caso, tiveran que remitir.

Sen embargo, por esta intervención procedeuse ao envío da relación certificada con data 14 de marzo do 2011, por vía telemática e con firma electrónica, cos seguintes datos:

Para la entidad “Arzúa”

Número de facturas: 0

Total del importe principal: 0,00 E

Dase conta deste informe, en aplicación do disposto no artigo 3.2 do RDLei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiación para o pago aos provedores das entidades locais.”

Adoptándose -por unanimidade dos doce membros asistentes- o acordo de quedar enterados.

MOCIÓNS

Antes de pasar a rolda de rogos e preguntas, o Sr. alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que achegaba coa convocatoria desta sesión, e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Manifestando o concelleiro do PSdeG-PSOE, Sr. Pintor Vázquez que desexaba presentar dúas mocións.

E así, previa concesión do uso da palabra, procedeuse a tratar sobre as referidas mocións, pola orde en que foron enumeradas, facendo entrega dito concelleiro aos restantes membros da Corporación Local dunha copia das dúas mocións.

MOCION 1ª, sobre os servizos sociais comunitarios.

(Esta moción foi presentada -durante o desenvolvemento da sesión da Comisión informativa para Asuntos do Pleno-, como consecuencia da enmenda que pretendía introducir o Sr. Pintor Vázquez, cando se tratou sobre outra moción que presentara o voceiro do grupo político do BNG en relación co mantemento do servizo de Axuda no Fogar, por canto que se chegou á conclusión -por todos os membros asistentes a dita comisión- de que o contido desa enmenda era mellor incluílo en outra moción que fose presentada nesta sesión plenaria).

Coñecidos os antecedentes indicados, polo Sr. Pintor Vázquez dáse lectura de dita moción, cuxo contido é o seguinte:

“O 30 de marzo de 2012 publicouse no DOGA o Decreto 99/2012 da Consellería de Traballo e Benestar, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Esta norma aprobada pola Xunta de Galicia recolle modificacións que terán consecuencias negativas nas diversas prestacións en materia social, non atende aos necesarios criterios da legalidade e tenta diluír as obrigas que deben prestarse por parte da administración autonómica. A súa vez traslada unha parte importante dos custos destes servizos ás administracións locais, as cales non tiveron o necesario coñecemento nin participación no curso de tramitación da devandita normativa.

Este escenario se completa na práctica co drástico recorte de recursos, por parte da Xunta de Galicia, para o financiamento dos servizos sociais comunitarios.

Neste contexto e dado que a Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o pasado día 9 de marzo de 2012, adoptou o acordo de contratar cunha empresa a xestión do servizo público de Axuda no Fogar básico e do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia recoñecida pola Xunta de Galicia.

Diante desta situación, o grupo municipal dos Socialistas no concello de Arzúa, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

O Pleno do Concello de Arzúa insta:

1. Xunta de Galicia á modificación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, de tal xeito que se poida garantir un financiamento suficiente para poder atender as necesidades das persoas con maiores dificultades económicas e con menos recursos.

2. A Xunta de Goberno Local a modificación do acordo do pasado día 9 de marzo, para deixar sen efecto a privatización do servizo de Axuda no Fogar.”

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expresar:

-Que nós non podemos votar a favor da urxencia, porque quedamos pendentes de facer os números, para ver o aforro desta prestación de servizos; esperemos que o equipo de goberno faga números e se consideran que pode manter os servizos e ao mesmo tempo os postos de traballo, o grupo político do PP estará coa proposta inicial do grupo municipal, se non hai ningún prexuízo para os traballadores e en beneficio para as arcas do concello; pero necesitamos ter un informe que aínda non temos, polo tanto ímonos abster.

*Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que cando se formulou a privatización do servizo de Axuda no Fogar comunicámosllo ás tres traballadoras afectadas pola subrogación, e tiveron un mes para poder falar cos sindicatos.

- Que levamos a cabo o procedemento contando con informes técnicos, como é preceptivo.

- Que as cifras din que se abarata o servizo.

- Que a forma de xestión do servizo aprobouse por unanimidade dos membros que integran a Xunta de Goberno Local.

- Que hoxe abrimos os sobres A) que presentaran as dez empresas interesadas na contratación deste servizo; e trátase de empresas que están prestando servizos en todo tipo de concellos.

- Que esta é a tónica xeral que se esta levando noutros Concellos; nos contrataremos o servizo por un ano, que será prorrogable por outro no caso de que o servizo se preste debidamente.

- Que estamos seguindo o que se está facendo noutros Concellos, e consideramos que neste momento é o mellor.

Polo que non está de acordo con esta moción.

*Do Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para expresar:

- Que as tres traballadoras que veñen prestando o servizo constitúen un capital humano que se formou neste Concello, dándose a circunstancia de que todos os usuarios estaban contentos con elas e que teñen uns soldos moi baixos.

- Que non houbo ningunha queixa neste servizo.

- Que o tema económico non lle convence para nada.

- Que outros concellos do noso contorno, con menos medios e presuposto, teñen unha cantidade de persoal maior que a que dispón este.

- Que aquí fíxose unha valoración en base a doce persoas que ao mellor non son necesarias neste momento.

- Que, nun goberno de progreso, non se entende que este servizo estea mellor en mans dunha empresa que en mans do concello; e o tempo demostrarao, porque unha empresa o que mira é o resultado económico.

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para manifestar:

- Que como non temos datos suficientes neste momento o grupo político do PP vaise abster.

- Que non imos a pronunciarnos en contra da xestión do servizo de Axuda no Fogar acordada pola Xunta de Goberno Local, por razón dos argumentos dados pola Sra. Varela Duro.

* Da Sra. Varela Duro (do BNG) para expresar:

- Que, desde o ano 2008, tivemos neste Concello unha empresa privada que veu prestando o servizo, sen contrato, que era SOCISER.

Neste tempo nunca houbo ningún apuro de meterse con este tema, e iso que a citada empresa veu expedindo as correspondentes facturas.

-Que agora o que imos facer é que este todo regulado, dando un soporte á empresa que preste o servizo, mediante a súa contratación.

- Que tamén desta forma vaise permitir que as dúas traballadoras sociais se adiquen a outros cometidos propios das súas funcións.

Intervén o Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) para pedir que conste na acta que a concelleira Sra. Varela Duro informou que unha empresa (SOCISER) ven prestando uns servizos a este Concello desde o ano 2008, nunha situación irregular.

Tras todo o exposto, o Sr. alcalde decidiu someter a votación ordinaria as dúas propostas de acordo que contén esta moción:

1. Instar á Xunta de Galicia á modificación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, de tal xeito que se poida garantir un financiamento suficiente para poder atender as necesidades das persoas con maiores dificultades económicas e con menos recursos.

2. Instar á Xunta de Goberno Local a modificación do acordo do pasado día 9 de marzo, para deixar sen efecto a privatización do servizo de Axuda no Fogar.

Adoptándose o acordo de rexeitar esas dúas propostas de acordo por catro votos en contra (dos concelleiros do BNG, Sras. Varela Duro, Torreiro Pampin e Pereira Rey, así como do Sr. alcalde) e dous a favor (do Sr. Pintor Vázquez –do PSdeG-PSOE- e do Sr. Bermúdez Taboada –do BNG-), coa abstención dos seis concelleiros do PP; Sras. Castro Pampín e Vázquez Orois e Sres. Orois Valiño, Orois Conde, Lodeiro Regueiro e Rodríguez Vázquez .

2ª MOCIÓN, referida á conmemoración do “Día das Letras Galegas” o vindeiro día 17 de maio.

Xustifica o Sr. Pintor Vázquez a urxencia de tratar agora sobre esta moción, porque non hai outra sesión do Pleno antes dese día; polo que pasa a ler dita moción, en defensa da lingua galega.

Sendo o seu texto o seguinte:

“O 17 de maio celebramos, un ano máis –que xa fai o número 49-, o Día das Letras Galegas, conmemorando, por iniciativa da Real Academia Galega, a publicación de Cantares Galegos, de Rosalía de Castro, en 1863.

Para nós, a lingua é un concepto xurdido e non separable da identidade e da cultura. De feito, a unión destes tres significantes: lingua, cultura e identidade, configura a nosa marca país e xera sinerxías tanto no inmaterial coma no material.

E tamén un ámbito irrenunciable para a nosa acción política, porque define e da razón a nosa existencia, e porque procede e se retribúe a unha sociedade á que pertencemos e á que representamos.

No PS de G-PSOE valoramos e reivindicamos o que isto implica de expresión, creación, difusión e goce da cultura e da lingua propia, para recoñecérmonos entre nós e para nos manifestar e identificar cara ao exterior. Unha Galicia comprendida, grazas a súa cultura e lingua, como espazo identitario, como ferramenta de proxección internacional, como patrimonio material e inmaterial, como recurso económico e como fonte de autoestima.

Creemos, tamén, que a lingua non debe ser patrimonio exclusivo de ningunha organización política ou social, e que é unha obriga colectiva protexela, defendela e darlle medios para garantir a súa supervivencia.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte ACORDO:

- *Dirixirse á Xunta de Galicia para pedir o máximo esforzo e compromiso pleno coa lingua galega –lingua oficial de Galicia-, tal e como se recolle na lexislación vixente e, nomeadamente, no Estatuto.*
- *Manifestarlle á Xunta de Galicia, e máis a Real Academia Galega, a nosa solidariedade con esta institución e a reivindicación de dotala dos medios*

necesarios para desenvolver, con dignidade e eficacia, o seu importantísima labor.

- *Que o Concello se adhira, publica e notoriamente, á homenaxe a Valentín Paz Andrade, a quen se lle adica esta edición do Día das Letras Galegas.*
- *Apoiar, institucionalmente, desde o Concello, tódalas actividades e iniciativas que se produzan no seu ámbito, a prol da defensa e coidado da lingua, da cultura e da identidade de Galicia.”*

Sometida a votación ordinaria a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Adoptouse –por seis votos a favor (1 do PSdeG-PSOE e 5 do BNG) e seis abstencións (do PP)- o acordo de considerar xustificada a urxencia de tratar agora sobre esta moción.

Deseguido emitíronse as seguintes opinións:

*Do Sr. Orois Valiño (do PP) para expoñer:

- Que nós defendemos o galego como lingua oficial, pero tamén defendemos o castelán como lingua cooficial.

- Que non temos ningún inconveniente en defender a homenaxe que se dedica a Valentín Paz Andrade, no “Día das Letras Galegas”.

- Que está de acordo con que desde o Concello e desde a Xunta de Galicia se apoie o galego ao máximo que se poida, e que se apoie tamén a ensinanza doutras linguas; se ben hai que dedicarlle un pouco máis de esforzo ao galego porque está máis en precario.

* Do Sr. alcalde para indicar que xa tivo ocasión de facer moitas veces, nesta mesma sala, a defensa da lingua galega; polo que subscribe todos os puntos da moción presentada.

Tras o exposto o Sr. alcalde someteu a votación ordinaria as catro propostas de acordo que contén esta moción:

Adoptándose –por unanimidade dos doce membros asistentes- os seguintes acordos:

Primeiro.-Dirixirse á Xunta de Galicia para pedir o máximo esforzo e compromiso pleno coa lingua galega –lingua oficial de Galicia-, tal e como se recolle na lexislación vixente e, nomeadamente, no Estatuto.

Segundo.-Manifestarlle á Xunta de Galicia, e máis a Real Academia Galega, a nosa solidariedade con esta institución e a reivindicación de dotala dos medios necesarios para desenvolver, con dignidade e eficacia, o súa importantísima labor.

Terceiro.-Que o Concello se adhira, publica e notoriamente, á homenaxe a Valentín Paz Andrade, a quen se lle adica esta edición do Día das Letras Galegas.

Cuarto.-Apoiar, institucionalmente, desde o Concello, tódalas actividades e iniciativas que se produzan no seu ámbito, a prol da defensa e coidado da lingua, da cultura e da identidade de Galicia.

*Punto 4º) **ROGOS E PREGUNTAS.***

Polo Sr. Pintor Vázquez (do PSdeG-PSOE) formuláronse os seguintes **ROGOS** ao Sr. alcalde:

UN.- Porque a través de Radio Arzúa fíxose mención a un informe do Consello Xeral do Poder Xudicial, sobre a modificación da Lei de Planta do Poder Xudicial, e, segundo se deduce dese comunicado, vaise a formular a anulación dalgúns dos xulgados que agora existen.

Polo que pide ao Sr. alcalde que estea atento, para que formule unha enmenda, no caso de que esa situación vaia afectar ao Xulgado de Arzúa.

DOUS.- Para que se manteña a coherencia e responsabilidade, para que sexan retransmitidas pola radio as sesións do Pleno, cumprindo así o compromiso que se adquirira.

Manifesta o Sr. alcalde:

-Que proximamente convocarase un Consello de Administración da Radio e se se quere debatiremos ese punto.

- Que tería que mirar o acordo do Consello de Administración da Emisora de Radio, porque se retransmitirían as sesións do Pleno sempre que tiveran dispoñibilidade os traballadores.

- Que quere deixar claro que non ten ningún interese en que non se retransmitira a sesión de hoxe, incluso chamouse a outra persoa, que depois non puido vir; e se tivera algún interese en que non se retransmitira non a chamaría.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde do Sr. Presidente dáse por rematado o acto, levantándose a sesión ás 23:15 h. do indicado día, estendéndose a presente acta, que será sometida á consideración dos membros desta Corporación Municipal asistentes á próxima sesión. Do que dou fe.

